



Ana Belén Fernández Dopazo, secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra.

CERTIFICO:

Que na reunión celebrada por este Xurado Provincial o día 26 de abril de 2021, deuse conta no punto 7º. da orde do día da adquisición de seis parcelas pola CMVMC de San Martiño de Vilaboa (Vilaboa), realizada con posterioridade a entrada en vigor da Lei 7/2012, de 28 de xuño de montes de Galicia, ao abeiro da resolución de autorización previa da administración forestal (Expte:PO-04 - ADTER/19).

Coa solicitude achéganse cinco escrituras públicas de compravenda nas que se describen as seis parcelas do seguinte xeito:

1.- Escritura de data dezaioito de decembro de dous mil dezanove, formalizada en Cambados polo notario Francisco-Manuel Botana Torrón baixo o número de protocolo mil oitocentos dezasete: rústica, denominada Cabado do Padre, sita no lugar de Cabado, parroquia de Santa Cristina de Cobres, concello de Vilaboa, destinada a toxeira, hoxe a piñeiral, segundo me manifestan, cunha superficie, segundo o título previo de quince concas, igual a sete áreas e oitenta centiáreas, aínda que en realidade ten unha superficie de cinco áreas, oitenta e nove centiáreas, segundo certificación catastral que logo se apunta. Estrema, segundo o título previo: Norte, muro; Sur: María Carracelas Carracelas; Leste, muro e Oeste, herdeiros de Dolores del Río; na actualidade Estrema: Norte, Leste e Oeste, coa Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Martiño de Vilaboa, e Sur, con predio de Rosa-Clara Terzado Valladares, e Alexandre García Terzado.- Referencia Catastral 36058A043000160000LU.

2.- Escritura de data dezaioito de decembro de dous mil dezanove, formalizada en Cambados polo notario Francisco-Manuel Botana Torrón baixo o número de protocolo mil oitocentos dezaioito: rústica, denominada Cabado, sita no lugar do mesmo nome, parroquia de Santa Cristina de Cobres, concello de Vilaboa, destinada a piñeiral, segundo me manifestan, cunha superficie de seis áreas coarenta e seis centiáreas.

Estrema: Norte, Crescencio Martínez Carracelas, hoxe máis da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Martiño de Vilaboa; Sur, Obdulia Buceta Amoedo, e Leste e Oeste, Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Martiño de Vilaboa.- Referencia Catastral: 36058A043000170000LH.

3.-Escritura de data sete de novembro de dous mil dezanove, formalizada en Arcade, concello de Soutomaior, polo notario Antonio Outeiriño Sánchez baixo o número de protocolo mil douscentos dezasete: rústica, denominada Gándara, sita no lugar do mesmo nome, parroquia e concello de Vilaboa, cunha cabida segundo catastro, de trescentos setenta e sete metros cadrados. Estremas: Norte e Leste, Elisa Argentina Iglesias Casal; Sur, estrada e Oeste, Aurita Cortegoso Amoedo, hoxe Marcos Álvarez Ferreira.- Referencia Catastral: 36058A046003280000LU.

4.- Escritura de data dezasete de xullo de dous mil vinte, formalizada en Ponte Caldelas polo notario Antonio Outeiriño Sánchez baixo o número de protocolo cincocentos dous: rústica, denominada Gándara o Granda, sita no lugar do mesmo nome, parroquia e concello de Vilaboa, cunha superficie de oito áreas noventa e tres centiáreas. Estremas: Norte, Elisa Argentina Iglesias





Casal; Sur, Alicia González Palmeiro e estrada; Leste, Digna Palmeiro González e Alicia González Palmeiro.- Referencia Catastral: 36058A046003290000LH.

5.- Escritura de data dezasete de xullo de dous mil vinte, formalizada en Ponte Caldelas polo notario Antonio Outeiro Sánchez baixo o número de protocolo cincocentos tres, e na que constan dous predios:

a).- rústica, denominada Mato da Gándara de Arriba, sita no lugar do mesmo nome, parroquia e concello de Vilaboa, cunha superficie de doce áreas, setenta centiáreas. Estremas: Norte, parcela 325 do polígono 46, en investigación; Sur, Juventino Victorio Lemos Pérez; Leste, Aurita Cortegoso Amoedo, hoxe Marcos Álvarez Ferreira e Oeste, camiño.- Referencia Catastral: 36058A046003260000LS.

b).- rústica, denominada Gándara, sita no lugar do mesmo nome, parroquia e concello de Vilaboa, cunha superficie de cinco áreas, coarenta e oito centiáreas. Estremas: Norte e Leste, Aurita Cortegoso Amoedo, hoxe seu neto Marcos Álvarez Ferreira; Sur, estrada e Oeste Juventino Victorio Lemos Pérez.- Referencia Catastral: 36058A046003300000LZ.

O Xurado acordou por unanimidade dos seus membros integrar a superficie adquirida ao monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión do dito monte, así como comunicar ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inmatriculación ou os asentamentos de inscrición oportunos (artigo 57.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).

Expídese a presente certificación para que conste aos efectos oportunos.

Visto e praxe:

O Presidente do Xurado Provincial de MVMC

Antonio Crespo Iglesias

sinatura electrónica

Asinado por: CRESPO IGLESIAS, ANTONIO
Cargo: Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de MVMC
Data e hora: 27/04/2021 17:12:27

Asinado por: FERNANDEZ DOPAZO, ANA BELEN
Cargo: Secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de MVMC
Data e hora: 27/04/2021 13:21:01



528000

528500

529000

529500

4689500


4689000

4688500

4689500

4689000

4688500



528000

528500

529000

529500